



2026 | 8 de marzo

Día Internacional das Mulleres



**MULLERES QUE
MOVEN O MUNDO: ACTIVISMO EN ACCIÓN**

ÍNDICE

<u>MANIFESTO</u>	PÁXINA 1
<u>ACTIVIDADES 0-3 ANOS</u>	PÁXINA 4
<u>ACTIVIDADES 3-6 ANOS</u>	PÁXINA 6
<u>ACTIVIDADES 6-9 ANOS</u>	PÁXINA 8
<u>ACTIVIDADES 9-12 ANOS</u>	PÁXINA 10
<u>ACTIVIDADES 12-15 ANOS</u>	PÁXINA 12
<u>ACTIVIDADES 15- 18 ANOS</u>	PÁXINA 13
<u>ACTIVIDADES PERSOAS ADULTAS</u>	PÁXINA 18

MANIFESTO 2026 8M: MULLERES QUE MOVEN O MUNDO: ACTIVISMO EN ACCIÓN

Que é o activismo?

Entendido como a defensa que unha persoa realiza dunha determinada causa á que presta a súa voz para impulsar un cambio, é hoxe, á vista dos acontecementos, máis necesario ca nunca en todas as súas facetas: social, política, económica, ambiental e feminista, tanto de maneira transversal como específica. Nese sentido, as mulleres feministas diriximos o noso activismo a transformar o mundo androcéntrico e o sistema patriarcal que nos nega a igualdade mediante o machismo en todas as súas vertentes e en cada un dos nosos pasos; que nos cosifica, que nos priva dos nosos dereitos, que perpetúa a fenda de xénero, que consinte os feminicidios, a misoxinia e a violencia vicaria.

Christine de Pizan no século XV, considerada precursora do feminismo occidental, coa súa obra “Querella de las damas” iniciou xa un debate arredor da situación de subordinación das mulleres na súa época. E tras séculos de loita, os nosos avances vense ameazados en pleno século XXI pola extrema dereita, que pretende facernos retroceder ao século XV sen sequera debater se as mulleres temos dereitos ou non: simplemente, para eles non os temos. Retroceder en todo o que as mulleres conquistaron nestes anos significa recluírnos no espazo privado e volver someternos á servidume do propio patriarcado.

Agora máis ca nunca precisamos activistas feministas que, de maneira colectiva, fagan uso da sororidade e da mobilización conxunta fronte ao “inimigo”, temeroso de que as mulleres ocupemos o espazo social, laboral e económico que nos corresponde por dereito.

No activismo en xeral, as porcentaxes de participación feminina son superiores ás masculinas. O liderado das mulleres ten unha grande capacidade para combinar o emocional co práctico. Achega unha mirada humana sen deixar de lado a estratexia para acadar os obxectivos do activismo. A empatía e a humanidade das mulleres oríéntanse sempre cara a un mundo máis xusto e igualitario. O mundo xira e son as mulleres quen o moven.

Este 8M, un ano máis, reivindicamos as inxustizas que sufrimos as mulleres:

- A paridade entre mulleres e homes evolucionou nos últimos anos, mais as mulleres continúan enfrontándose a desafíos no mercado laboral que lles impiden avanzar na súa carreira profesional. A pesar dos avances, seguen infravaloradas e cuestionadas no seu traballo.
- A fenda salarial é un dos problemas máis importantes aos que se enfrontan as mulleres no mercado laboral. Máis da metade cobran menos ca os seus compañeiros polo mesmo traballo. Sen esquecer que a vulnerabilidade aumenta no caso das mulleres racializadas, con diversidade funcional ou con calquera característica que as afaste da norma imposta polo modelo masculino, branco e heteropatriarcal. Aínda que unha empregada desempeñe satisfactoriamente as súas funcións e opte a un ascenso xusto, ser muller continúa sendo un estigma que dificulta o seu desenvolvemento profesional.
- O acoso laboral e sexual nos postos de traballo contra as mulleres é unha cuestión grave fronte á que segue existindo unha enorme e insoportable tolerancia. Normalizado polo patriarcado, dáse con maior frecuencia o acoso sexual ca o laboral. Moitas vítimas non o denuncian por medo a non seren cridas e, en consecuencia, a perder o emprego. Existen protocolos obrigatorios nas empresas e formación específica, mais actívanse moi poucas veces en relación coa cantidade de casos existentes.
- A falta de medidas reais e efectivas de conciliación fai que moitas mulleres que desexan ser nais o vexan como un obstáculo para a súa carreira profesional. Nalgúns casos, isto supón a perda do emprego, difícil de recuperar tras a maternidade. As mulleres traballadoras que optan por seren nais seguen tendo como unha das súas grandes preocupacións a compatibilidade entre vida persoal e laboral. Traballar a xornada completa, asumir os coidados e dispoñer de tempo de lecer resulta moi complexo ou mesmo imposible na maioría dos casos.

- A normalización da violencia sexual en todas as civilizacións constitúe un problema estrutural. A cultura da violación contra mulleres e nenas xeneralizouse como algo cotián. O acoso diario que sofren as mulleres por parte de homes en ámbitos educativos, familiares ou espazos públicos continúa mentres se silencia.
- A violencia está a normalizarse entre a mocidade, de maneira que moitas mozas non se identifican como vítimas. A educación afectivo-sexual temperá debe ser unha realidade indiscutible, xa.
- O aborto legal e gratuíto enfróntase a grandes obstáculos no noso Estado. A inmensa maioría das interrupcións voluntarias do embarazo realízanse en clínicas privadas ou concertadas. En algúns territorios apenas se practican na sanidade pública debido á obxección de conciencia. As mulleres do rural deben desprazarse longas distancias para exercer este dereito. Ademais, as clínicas sofren acoso constante por parte de colectivos antiabortistas.

Nunca debemos esquecer as grandes invisibilizadas: mulleres con diversidade funcional, mulleres racializadas e/ou migradas. Elas sofren todas as violencias mencionadas, agravadas polas súas características físicas ou persoais, o que as sitúa nunha maior vulnerabilidade social.

Estamos nunha época na que conflúe o maior número de conflitos desde 1946, xerando riscos e sufrimentos sen precedentes para mulleres e nenas. As mulleres son excluídas das mesas de paz e deixadas desprotexidas mentres as guerras se multiplican. Eles deciden os seus conflitos e as súas guerras sen importarlles as mortes que ocasionan. A pesar das evidencias que demostran que a participación das mulleres fai que a paz sexa máis duradeira, continúan excluídas da toma de decisións. “As mulleres non precisan máis promesas, precisan poder, protección e participación igualitaria”, afirmou Sima Bahous, directora executiva de ONU Mulleres.

Así, un ano máis neste 8M, desde a Organización de Mulleres da Confederación Intersindical denunciaremos, como cada día do ano, as desigualdades e abusos que sufrimos as mulleres no mundo.

Facemos un chamamento á mobilización máis ca nunca. A extrema dereita avanza. Atoparanos nas rúas! Non pasarán!

Asemblea de mulleres do STEG
Organización de Mulleres da Confederación Intersindical

ACTIVIDADES 0-3 ANOS

Nesta etapa priorízase a experiencia emocional, o xogo simbólico e a construción de referentes diversos a través da linguaxe, a imaxe e o vínculo afectivo.

ACTIVIDADE 1: Contacontos Coeducativos

Introducir na asemblea a lectura de libros con protagonistas diversos que rompan estereotipos de xénero, amplíen modelos e fomenten a igualdade.

Nenas valentes e exploradoras

- Rosa Caramelo — de Adela Turin

Margarita, unha elefantiña que cuestiona as normas da súa manda ao non querer ser tratada de maneira diferente por ser femia.

- Yo voy conmigo — de Raquel Díaz Reguera

Unha nena que descobre que non precisa cambiar a súa forma de ser para gustar ás demais persoas.

Nenos sensibles e coidadores

- Oliver Button es una nena — de Tomie dePaola

Oliver ama bailar e ler, aínda que se rían del por non encaixar nos estereotipos tradicionais.

- Arturo y Clementina — de Adela Turin

Amosa actitudes que limitan a liberdade, ofrecendo unha oportunidade para reflexionar sobre o respecto e a igualdade.

Familias diversas

- El gran libro de las familias — de Mary Hoffman

Presenta distintos modelos familiares: dúas nais, dous pais, familias monoparentais, extensas ou adoptivas.

- ¿De qué color es un beso? — de Rocío Bonilla

Minimoni reflexiona sobre emocións e afectos desde a curiosidade e a creatividade.

ACTIVIDADES 0-3 ANOS

Animais con roles non tradicionais

- Orejas de mariposa — de Luisa Aguilar

Un relato sobre autoestima e aceptación da diferenza.

- Elmer — de David McKee

Un elefante de cores que ensina que a diversidade é motivo de celebración.

Personaxes inclusivos en capacidades e culturas

- La historia de los bonobos con gafas — de Adela Turin

Metáfora sobre igualdade e liberdade.

- ¿A qué sabe la luna? — de Michael Grejniec

Animais diferentes colaboran para acadar un soño común.

ACTIVIDADE 2: O Coidado Compartido

O recuncho dos coidados

Facilitar un espazo de xogo simbólico con bonecas e bonecos, carriños, mantas ou utensilios básicos.

Tanto nenas como nenos participan nas tarefas de coidado seguindo pequenas indicacións da persoa educadora:

- Dar de comer ao boneco
- Peitealo
- Deitalo
- Arroupalo
- Acompañalo

Finalidade pedagóxica

- Transmitir que o coidado é responsabilidade compartida.
- Normalizar a expresión de afecto en tódalas crianzas.
- Fomentar empatía e corresponsabilidade desde idades temperás.

Mensaxe final para a asemblea

“Coidar é cousa de todas e todos.”

“No noso cole, tódalas persoas podemos xogar, sentir e aprender en igualdade.”

ACTIVIDADES 3-6 ANOS

Obxectivos

- Recoñecer que nenas e nenos poden facer as mesmas cousas.
- Descubrir que existiron mulleres valentes que axudaron a outras persoas.
- Desenvolver respecto, empatía, igualdade e cooperación.
- Valorar accións como axudar, defender, coidar, compartir e erguer a voz.

Ideas clave (en linguaxe infantil)

- “As mulleres tamén cambiaron o mundo.”
- “Ser activista é axudar e defender o que é xusto.”
- “Todas as persoas valemos o mesmo.”

ACTIVIDADE 1: Rosa Parks e a cadeira da xustiza

Duración: 20–30 min

Obxectivo: comprender que é unha inxustiza e aprender a dicir “isto non está ben”

Materials

- 3 cadeiras
- Carteis: “XUSTO” / “INXUSTO”
- (Opcional) adhesivos ou gomets

Desenvolvemento

Conto cativo (2 min)

Rosa Parks foi unha muller valente que un día dixo NON porque algo era inxusto. Ela defendeu que todas as persoas valen o mesmo.

Xogo simbólico (10 min)

Colócanse 3 cadeiras e formúlanse situacións:

- “Só poden sentar os nenos” (inxusto)
- “Só poden sentar as nenas” (inxusto)
- “Turnámonos e compartimos” (xusto)

Decisión do grupo (5 min)

O alumnado levanta o cartel correspondente e di unha frase:

- “Non é xusto!”
- “Todas e todos podemos!”

Peche (5 min)

Cada criatura pega un gomet no cartel “XUSTO” e completa a frase:

“Eu son xusta ou xusto cando...”

ACTIVIDADES 3-6 ANOS

ACTIVIDADE 2: Wangari Maathai e as mans que coidan

Idade: 3-6 anos

Duración: 25-35 min

Obxectivo: asociar o activismo co coidado da natureza e coa acción positiva.

Materiais:

- Papel grande para mural (ou cartolina)
- Pintura ou ceras
- Tesoiras (só para 5 anos ou con axuda)
- Pegamento
- (Opcional) unha maceta e sementes

Desenvolvemento:

Mini historia (2 min): Wangari Maathai foi unha muller que plantou moitas árbores para coidar a Terra. Ela axudou ao planeta.

Mans activistas (15 min)

Cada nena e neno marca a súa man (con pintura ou contorno) e decóraa.

Na man poden debuxar:

- Unha árbore
- Unha flor
- Un sol

Mural final (10 min)

Péganse todas as mans formando unha gran árbore ou copa.

Título do mural:

“As nosas mans coidan”

Frase final en asemblea (3 min)

Todas e todos repiten:

“Coidar o planeta é cousa de todas e todos!”

ACTIVIDADES 6-9 ANOS

ACTIVIDADE 1: Que é o feminismo? Que é o activismo?

Explicación inicial adaptada á idade

- Feminismo é crer que nenas e nenos, mulleres e homes, somos igual de valiosos e debemos ter as mesmas oportunidades.
- Activismo é cando unha persoa fai cousas para mellorar o mundo e defender o que é xusto: coidar ás demais persoas, pedir respecto ou axudar a que todas e todos teñamos os mesmos dereitos.

Preguntas para iniciar o diálogo

- As nenas e os nenos poden facer as mesmas cousas?
- Coñeces algunha muller que axudase a outras persoas?

Actividade plástica

Debuxar unha muller importante na súa vida (nai, avoa, mestra, irmá, veciña...) que consideren que axuda ás demais persoas.

Escribir unha frase sinxela:

o “Ela axuda ás demais persoas...”

o “Ela é valente porque...”

Posta en común

En grupo comentar:

- Que foi o que máis che gustou destas mulleres?
- Como podemos ser xustos e respectuosos todos os días?

Idea clave de peche

Todas e todos podemos axudar a que o mundo sexa un lugar máis xusto.

ACTIVIDADES 6-9 ANOS

ACTIVIDADE 2: Wangari e as árbores da paz

Presentación do conto:

“Wangari e as árbores da paz”

Ligazóns de apoio:

<https://ieramonarcila.edu.co/wp-content/uploads/2020/03/Cuento-Wangari-y-los-arboles-de-la-paz.pdf>

<https://youtu.be/cGklkYlmoZ4?si=IKoGE6YEIPrN-sBC>

Obxectivos:

- Coñecer a historia de Wangari Maathai e o seu activismo ambiental.
- Comprender a importancia de coidar a natureza e a comunidade.
- Fomentar a creatividade e o traballo en grupo.

Preguntas iniciais:

- Que pasaría se non tivésemos árbores?
- Como podemos coidar o noso barrio, escola ou parque?

Lectura e explicación:

Explícase que Wangari Maathai foi unha muller que loitou por plantar árbores e protexer a natureza, ensinando que todas e todos podemos mellorar o mundo con pequenos xestos.

“A miña árbore da paz”

Materiais:

- Papel ou cartolina
- Lapis de cores e rotuladores
- Adhesivos
- Opcional: follas secas ou recortes de papel verde

Instrucións:

Cada nena e neno debuxa ou constrúe a súa propia árbore da paz.

Nas pólas escriben ou debuxan accións para coidar a natureza ou axudar ás demais persoas.

Exemplos:

- “Recoller lixo do parque”
- “Plantar unha flor ou unha árbore”
- “Axudar a unha amizade que o necesite”

Decorar as árbores con cores, follas ou materiais reciclados.

Posta en común e reflexión:

Cada criatura presenta a súa árbore e explica unha acción que realizará para mellorar o seu contorno.

ACTIVIDADES 9-12 ANOS

ACTIVIDADE 1: Irene Bebop • RUDA FM

Escoita e análise crítica:

Escoitar o podcast de RUDA FM, cuxa voz principal é Irene Bebop, a través das seguintes ligazóns:

- Web Organización Mujeres: Presentación calendario 2026. Mujeres activistas * Org. Mujeres – IntersindicalRM
- Blog Ruda: Mujeres que alzan la voz – Ruda FM
- Ivoox Ruda: Mujeres que alzan la voz – Podcast de Ruda FM – Podcast en iVoox
- Internet Archive Ruda:
https://archive.org/details/mujeresquealzanlavoz_202601

Proposta de traballo:

Escoitar colectivamente o podcast.

Identificar as mulleres activistas que aparecen.

Investigar en pequenos grupos sobre a súa traxectoria:

- Que defendían?
- Que dificultades atoparon?
- Que cambios lograron?

Crear un fanzine colectivo sobre o seu activismo (formato libre: manual ou dixital).

Difundilo co resto do alumnado do centro (exposición, lectura pública, espazo web ou redes do centro).

Obxectivos:

- Visibilizar referentes femininos diversos.
- Comprender o activismo como ferramenta de transformación social.
- Fomentar a creatividade e a expresión crítica.
- Traballar a comunicación e a cooperación.

ACTIVIDADES 9-12 ANOS

ACTIVIDADE 2: Como crear espazos educativos feministas?

Pregunta guía

Como aplicar a ética do coidado nos centros educativos?

En pequenos grupos, dar resposta aos seguintes supostos prácticos:

SUPOSTO 1: Unha compañeira acaba de incorporarse ao centro educativo e cústalle integrarse, xa que, ademais de descoñecer o idioma, é algo introvertida.

- Quen a pode acompañar?
- Que pasos habería que seguir?
- Como garantir un acompañamento respectuoso e inclusivo?

SUPOSTO 2: Na asemblea diaria da aula, sempre hai un compañeiro que interrompe ás demais persoas e quere falar constantemente, asumindo un rol protagonista.

- Como podemos mediar nestes casos?
- Que normas colectivas poderíamos establecer?
- Quen sería a persoa ou persoas encargadas de intervir?

SUPOSTO 3: Durante o recreo, as propostas de xogo céntranse no fútbol, deixando a moitas compañeiras e compañeiros sen participar.

- Como che gustaría que fose o recreo escolar?
- Que espazos deberían existir?
- Como se poderían organizar os xogos para que fosen inclusivos?

Posta en común

Compartir as reflexións en gran grupo e elaborar colectivamente un decálogo para a creación de espazos educativos feministas, que inclúa principios como:

- Igualdade e participación real.
- Corresponsabilidade.
- Resolución dialogada de conflitos.
- Inclusión lingüística e cultural.
- Diversificación de espazos e xogos.
- Visibilización de referentes femininos.

Obxectivos

- Aplicar a ética do coidado á convivencia escolar.
- Desenvolver pensamento crítico e empatía.
- Promover a participación democrática do alumnado.
- Construír colectivamente espazos máis xustos e inclusivos.

ACTIVIDADES 12-15 ANOS

ACTIVIDADE 1: Mulleres activistas

Preséntase a sesión proxectando imaxes de: Greta Thunberg, Rigoberta Menchú, Irene Montero, Aminetu Haidar e Malala Yousafzai.

- Pregúntaselle ao alumnado se coñece algunha delas e que teñen en común.
- Realízase unha chuvia de ideas.
- Trabállase sobre o activismo e a loita destas mulleres.

ACTIVIDADE 2: Activismo en acción

Dada a situación internacional actual (invasión de Venezuela e revoltas en Irán, pretensión de Groenlandia por parte de Trump),

Proponse realizar un traballo en pequenos grupos sobre:

- Propostas de pacificación.
 - Accións que se deberían adoptar.
 - Que farían elas e eles ante estes conflitos (medidas concretas).
- Mulleres que moven o mundo, activismo en acción (8 de marzo).

ACTIVIDADE 3: Avanzamos?

Procurar información sobre Concepción Arenal (visualización de vídeos en YouTube, por exemplo “Mujeres en la historia” @mujeralmaguenera).

En grupos de catro persoas, elaborar murais sobre a súa obra.

Na aula, debater sobre as dificultades das mulleres para acceder á formación.

Avanzamos desde o século XIX?

ACTIVIDADES 15-18 ANOS

ACTIVIDADE 1: Mapa do activismo feminino

Obxectivos:

- Visibilizar mulleres activistas de distintos ámbitos.
- Comprender que o activismo ten múltiples formas.
- Desenvolver habilidades de investigación e síntese.
- Fomentar referentes diversos.

Duración

1-2 sesións

Materialis:

- Cartolinas ou mural grande / mapa impreso
- Ordenadores ou móbiles para investigar
- Modelo de ficha (podo xerala se o desexas)
- Rotuladores / Canva / Genially (se é en formato dixital)

Desenvolvemento

Fase 1 — Introducción (10 min)

Preguntas guía:

- Que é o activismo?
- É preciso ser famosa para ser activista?
- Que problemas actuais precisan acción?

Explícase que se traballará con mulleres que xeraron un cambio real.

Fase 2 — Investigación en grupos (30-40 min)

Cada grupo investiga unha activista diferente. Pode centrarse en:

- Dereitos humanos
- Medio ambiente
- Educación
- Ciencia
- Xornalismo
- Dereitos sociais
- Igualdade de xénero
- Comunidade local

ACTIVIDADES 15-18 ANOS

Ficha obrigatoria

Debe incluír:

- Nome
- País
- Causa que defende
- Problema ao que se enfrontou
- Acción que realizou
- Obstáculos atopados
- Impacto acadado
- Frase representativa
- Por que “move o mundo”?

Fase 3 — Construción do mapa (20 min)

Colocación das activistas en:

- Mapa físico con chinchetas
- Mapa dixital colaborativo
- Liña do tempo alternativa

Peché (breve debate)

Preguntas:

- Que tipos de activismo aparecen?
- Que riscos asumiron?
- Que teñen en común?

Avaliación

- Calidade da información
- Capacidade de síntese
- Claridade visual
- Participación grupal

ACTIVIDADES 15-18 ANOS

ACTIVIDADE 2: Microcharlas “Activismo en 3 minutos”

Obxectivos:

- Mellorar a comunicación oral.
- Aprender a sintetizar ideas.
- Desenvolver pensamento crítico.
- Dar voz ao alumnado.

Duración:

1 sesión (ou dúas se se preparan na aula)

Materiais:

- Cronómetro
- Proxector (opcional)
- Rúbrica sinxela de exposición

Desenvolvemento

Fase 1 — Explicación do reto (10 min)

Cada estudante prepara unha microcharla de 3 minutos exactos sobre:

Opcións:

- Unha muller activista
- Un movemento liderado por mulleres
- Unha causa social actual
- Activismo xuvenil

Estrutura obrigatoria

Debe responder:

- Que problema existe?
- Quen actúa?
- Que accións realiza?
- Que impacto ten?
- Que queda por facer?

ACTIVIDADES 15-18 ANOS

Fase 2 — Preparación (20-30 min)

Pode empregarse:

- 1 diapositiva
- 1 imaxe
- 1 obxecto simbólico
- 1 dato clave

Regra: non ler o texto completo.

Fase 3 — Presentacións

Formato:

- Tipo TEDx
- Cronometradas
- Pregunta rápida do público ao final

Avaliación (rúbrica sinxela)

- Claridade
- Estrutura
- Evidencias
- Expresión oral
- Capacidade de síntese

ACTIVIDADES 15-18 ANOS

ACTIVIDADE 3: Campaña de activismo escolar

Obxectivos:

- Pasar da reflexión á acción.
- Diseñar mensaxes de impacto.
- Traballar creatividade e cidadanía.
- Aplicar o activismo ao contorno próximo.

Duración:

2-3 sesións

Materiais:

- Cartolinas / Canva / móbiles
- Modelo de planificación
- Exemplos de campañas reais

Desenvolvemento

Fase 1 — Punto de partida (15 min)

Pregunta detonadora:

Que desigualdade ou problema de xénero percibes no teu contorno próximo?

Exemplos:

- Linguaxe sexista
- Estereotipos
- Invisibilización
- Reparto de tarefas
- Comentarios normalizados
- Falta de referentes

ACTIVIDADES 15-18 ANOS

Fase 2 — Deseño da campaña (40 min)

Cada grupo deseña unha mini campaña real.

Formatos posibles:

- Carteis
- Reels educativos
- Podcast curto
- Exposición visual
- Adhesivos con mensaxes
- Infografías
- Performance breve
- Acción simbólica no centro

Fase 3 — Producción (1 sesión)

Elaboración do material.

Fase 4 — Presentación pública

Opcións:

- Exposición nos corredores
- Proxección
- Redes do centro
- Xornada do 8M

Peche reflexivo

Preguntas:

- Que campaña podería aplicarse realmente?
- Que mensaxe xera máis impacto?
- Que acción é máis viable?

Avaliación

- Claridade da mensaxe
- Coherencia co problema
- Creatividade
- Viabilidade da acción
- Traballo cooperativo

ACTIVIDADES PERSOAS ADULTAS

ACTIVIDADE 1: Estatística e xénero: que é o Índice de Igualdade de Xénero?

Introdución e obxectivos:

O Índice de Igualdade de Xénero (IIG) é unha ferramenta elaborada pola Unión Europea que mide o grao de igualdade entre mulleres e homes a partir de seis ámbitos fundamentais:

- Traballo
- Diñeiro
- Coñecemento
- Tempo
- Poder
- Saúde

O índice foi desenvolvido polo Instituto Europeo para la Igualdad de Género (EIGE).

O obxectivo desta actividade é:

- Reflexionar sobre a situación do Estado español en comparación co resto de países da UE.
- Identificar ámbitos de mellora para avanzar cara á igualdade real.
- Traballar a análise crítica a partir de datos estatísticos.

Organización da actividade:

Dividir a clase en 6 equipos de 2, 3 ou 4 persoas (segundo o tamaño do grupo).

Cada equipo:

Buscará información xeral sobre o IIG.

Analizará en profundidade un dos seis indicadores.

A actividade pode abordarse desde distintas materias (Matemáticas, Economía, Xeografía e Historia, Valores Éticos, TIC...) e competencias.

ACTIVIDADES PERSOAS ADULTAS

Parte 1 — Investigación inicial

Investigar:

- Que é o IIG?
- Como se calcula?
- Que indicadores inclúe?
- Que escala utiliza?
- Que tipo de enquisas e fontes estatísticas emprega?
- Que é o EIGE e cal é a súa función dentro da UE?

Pode ser necesario traducir información desde o inglés.

Produto final:

Elaboración dunha infografía en formato A4 co resumo da información esencial.

Parte 2 — Análise estatística do indicador asignado

Cada equipo centrarase nun indicador concreto.

Buscar os datos máis recentes publicados para:

- O Estado español
- Media da UE ou país con mellores resultados

Elaborar nun mesmo folio ou cartolina:

- Dous diagramas de caixa e bigotes.
- Comparación dos distintos cuartís para ese indicador.

Obxectivo: visualizar as desigualdades e comprender como se distribúen os datos.

Parte 3 — Presentación e reflexión crítica

Elaborar unha breve presentación que inclúa:

- Información xeral sobre o IIG.
- Resultados do indicador analizado.
- Comparativa España–UE.
- Reflexión do equipo:
- En que situación estamos?
- Que aspectos deben mellorarse?
- Que medidas poderían adoptarse?

Exposición oral breve ante o grupo-clase, deixando espazo para o debate colectivo.

ACTIVIDADES PERSOAS ADULTAS

ACTIVIDADE 2: Cinefórum “A tempo completo”

Proponse o visionado grupal da película grega de 2018, Her Job (Su trabajo, dispoñible en RTVE Play)

Temáticas que aborda

- A familia tradicional e o papel asignado ás mulleres.
- A crise económica e o seu impacto social.
- O traballo remunerado fronte ao traballo de coidados.
- A identidade persoal e a autonomía económica.

Estrutura do debate

Tras o visionado, organizar un cinefórum estruturado.

Proposta metodolóxica:

- Cada alumna e alumno anotará, polo menos, unha escena sobre a que desexe compartir unha reflexión.
- A persoa docente actuará como moderadora.
- Seguirase a orde cronolóxica da película.

Preguntas orientadoras:

- Como cambia a protagonista ao longo do filme?
- Que papel xoga o traballo na súa autonomía?
- Como se distribúen os coidados na familia?
- Que paralelismos podemos establecer coa realidade actual?

Obxectivos da actividade:

- Analizar criticamente os roles de xénero.
- Reflexionar sobre a división sexual do traballo.
- Desenvolver argumentación oral e escoita activa.
- Relacionar realidade social e representación audiovisual.

Ambas actividades permiten traballar a igualdade desde a análise rigorosa da realidade e desde a reflexión ética, favorecendo unha cidadanía crítica e comprometida.